

Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE CARRAL PARA O ANO 2026

1. Obxecto e finalidade da convocatoria

1.1. Convócase a concesión de subvencións en réxime de concorrencia, por parte do Concello de Carral ás entidades do Concello que leven a cabo actividades culturais ou a organización das festas parroquiais, ao abeiro do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Carral, para os exercicios 2023-2026, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 8 de novembro de 2023. Tamén a concesión de subvencións en réxime de concorrencia, por parte do Concello de Carral ás entidades do Concello que leven a cabo actividades con fin de carácter medioambiental ao abeiro do mesmo Plan Estratéxico de Subvencións. E a concesión de subvencións en réxime de concorrencia, por parte do Concello de Carral ás entidades do Concello que desenvolvan actividades deportivas ou promoción e difusión da actividade física e o deporte ao abeiro do mesmo Plan Estratéxico de Subvencións.


1.2. O obxecto desta convocatoria é a promoción e impulso de actividades culturais e as festas parroquiais, coa finalidade, no eido cultural, de fomentar un uso activo e creativo do lecer, contribuír á conciliación da vida familiar, fomentar as tradicións e o patrimonio cultural local, promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura popular galega. No eido do medio ambiente o obxecto é a protección, concienciación e divulgación ambiental a través de fomento da participación en medio ambiente, colaborar con actividades medioambientais no ámbito educativo, fomentar a participación da mocidade na dinámica medioambiental, fomentar a reforestación con árbores autóctonos e o coidado e mantemento dos terreos cedidos en custodia polo Concello de Carral. E no eido deportivo e físico, o obxectivo é fomento e a promoción do deporte e a actividade física, en especial no deporte en idade escolar e no ámbito feminino.

1.3. O Concello poderá excluír da concesión calquera actividade que considere que non serve ás finalidades sinaladas, así como as que promovan, faciliten ou permitan a discriminación de calquera tipo (étnica, social, sexual, ideolóxica, lingüística, etc) ou sexan incompatibles cos valores de igualdade, libre desenvolvemento da personalidade, laicidade e protección ao medio ambiente.

2. Importe da convocatoria e aplicación orzamentaria

2.1. Partidas e aplicacións orzamentarias:

2.1.1. A concesión das subvencións relacionadas coa promoción e difusión da



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

cultura imputarase á aplicación orzamentaria 334.48099 ata o límite de 20.000 euros. Destinaranse 6.000 euros para subvencionar actividades culturais e 14.000 euros para as festas parroquiais.

2.1.2. A concesión de subvencións para fomento de actividades relacionadas co medioambiente imputarase á aplicación orzamentaria 170.48011 ata o límite de 2.400 euros.

2.1.3. A concesión de subvencións para o fomento de promoción do deporte e a actividade física imputarase á aplicación orzamentaria 341.48013 ata o límite de 18.000 euros.


2.2. As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

2.3. O importe máximo destas subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

3. Requisitos dos beneficiarios

3.1. Poderán ser beneficiarios das subvencións ao abeiro das presentes bases: as asociacións veciñais, culturais, organizadoras das festas patronais e outras entidades sen ánimo de lucro, deportivas, clubs ou medioambientais que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas.
- b) Que estean inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Carral (REMAC), no caso de que a forma xurídica da entidade poida inscribirse. Ao mesmo tempo, as entidades que soliciten axudas para a promoción e fomento da actividade física e o deporte deberán estar inscritas no Rexistro Autonómico de Entidades Deportivas de Galicia.
- c) Ter un número mínimo de 20 persoas asociadas, agás as entidades cuxa única finalidade sexa a organización das festas patronais. En canto ás entidades deportivas, deberán contar cun mínimo de 30 persoas socias.
- d) Desenvolver as súas actividades dentro do termo municipal de Carral. No caso dos clubs e entidades deportivas, deberán levar a cabo actividades no termo municipal de Carral, sen prexuízo de que, pola propia natureza das competicións ou actividades deportivas federadas ou organizadas por outras entidades, poidan tamén participar ou desenvolver actividades e competicións fóra do termo municipal.
- e) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

f) Ter domicilio social en Carral.

g) Estar ao corrente das súas obrigas coa AEAT, coa Seguridade Social, coa Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Carral.

h) Se a actividade ou proxecto para o que se solicita a subvención ten como suxeitos a menores de idade, deberá presentarse unha declaración xurada de que todo o persoal (incluído o persoal voluntario e contratado para tal efecto) encargado da realización da actividade e que teña un contacto regular con menores cumpre o requisito establecido no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, do voluntariado.

3.2. A ausencia dos requisitos sinalados no parágrafo g) será subsanable, no seu caso, antes da concesión, previo requirimento ao efecto.

4. Solicitudes


4.1. Lugar e prazo de presentación

As solicitudes deberán presentarse a través da Sede Electrónica do Concello de Carral nos modelos normalizados. O prazo para a solicitude será dun mes contado desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Entenderase como último día de prazo o correspondente ó mesmo ordinal no día da publicación do extracto. Se o último día fora inhábil, entenderase prorrogado o primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non houbera día equivalente o inicio do computo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

4.2. Documentación

As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do CIF da entidade.
- b) Anexo 1: Solicitude.
- c) Anexo 2: Declaración das outras subvencións solicitadas para o mesmo fin.
- d) Anexo 3: Certificación de representación e número de socios.
- e) Anexo 3.b: No caso de clubs e entidades deportivas, a documentación acreditativa necesaria para a aplicación dos criterios de valoración establecidos no artigo 13.7 destas bases, que deberá presentarse xunto co resto da documentación desta solicitude:
 - Certificado federativo do número total de licenzas de persoas inscritas en competición federada, desagregado por sexo (masculino/feminino) e por categoría (escolar/base, sénior, veteranos, etc.).
 - Certificado federativo do número de equipos e diferentes categorías inscritos en competición federada.
 - Certificado federativo da existencia, no seu caso, de equipos ou



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

seccións femininas inscritas en competición federada.

- Declaración do número de disciplinas ou modalidades deportivas xestionadas pola entidade, con acreditación documental en cada unha.
- Relación nominal do persoal técnico e de adestramento e das correspondentes titulacións. Poderase requirir copia das titulacións oficiais ou certificacións profesionais acreditativas.
- Certificado da persoa secretaria da entidade sobre o número de persoas socias, acompañado dun documento probatorio, como a acta da asemblea xeral, o libro de socios actualizado ou calquera outro documento que acredite de forma fidedigna a masa social da entidade, non sendo admisible a mera declaración do número de persoas asociadas.

f) Anexo 4: Declaración e compromisos da Presidencia da entidade.

g) Anexo 5: Memoria explicativa das actividades levadas a cabo pola entidade no ano anterior ao da presentación da solicitude de subvención.

h) Certificado bancario do número de conta onde desexan que se lles ingrese o importe da subvención.

i) Documentación xustificativa da utilización do galego na publicidade e nas relacións cos usuarios/as -no seu caso-.

Todos os formularios (anexos) que se acheguen, deben estar asinados, preferentemente de modo dixital, polas persoas responsables.

4.3. Autorizacións


A presentación da solicitude de concesión de subvención pola entidade interesada comportará a autorización ao órgano instructor para realizar de oficio as consultas de se a entidade se atopa ao día nas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA e co Concello de Carral, así como coa Seguridade Social. En caso de que non se desexe dar esa autorización, deberá sinalarse expresamente, e aportar os correspondentes certificados. A Administración poderá demandar das entidades a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión de subvencións.

4.4. Emenda

Se a solicitude non reúne toda a documentación necesaria, o órgano competente requirirá ó interesado para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.5. Festas patronais

Para o caso de solicitudes por parte de entidades organizadoras de festas



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

patronais que ao longo do ano levan a cabo varios festexos, só poderán presentar unha única solicitude de subvención para unha das festas ou das actividades organizadas. Non serán subvencionables actividades alleas á programación da festa para a que se solicita a subvención.

5. Concesión

5.1. A concesión de subvencións á que se refire esta orde efectuarase en réxime de concorrência competitiva, baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e igualdade.

5.2. As subvencións serán concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local, a proposta do órgano instrutor.

5.3. Será órgano instrutor o técnico municipal de Cultura ou o/a traballador/a municipal que o substitúa, se é o caso para as subvencións para promoción e difusión da cultura; a técnica municipal de Medioambiente para as medioambientais; o técnico municipal de Deportes ou o/a traballador/a que o substitúa, se é o caso para as subvencións para o fomento e a promoción da actividade física e o deporte.

5.4. O acordo deberá adoptarse no prazo de tres meses dende que rematara o prazo para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.

5.5. Unha vez rematado o prazo de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas pola Comisión de Valoración, que poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións. A comisión emitirá un informe detallado da valoración que remitirá ao órgano instrutor.


5.6. Efectuada esta avaliación, o órgano instrutor formulará á Xunta de Goberno Local (Decreto 355/2023 do 26 de xuño de 2023 e Decreto 359/2024 do 14 de setembro de 2024) a proposta de resolución para a súa aprobación.

5.7. O importe da subvención calcularase unha vez valoradas todas as solicitudes, atendendo ao crédito dispoñible; a puntuación total obtida servirá para calcular o importe a subvencionar mediante un sistema proporcional de reparto, calculado coa seguinte fórmula:

$(\text{Puntuación obtida} \times \text{Cantidade global de subvención}) \div \text{Puntuación total}$

Na que:

- a Puntuación obtida é a suma total das puntuacións acadadas en cada criterio de valoración;



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

- a Cantidade global é o importe total a repartir entre todas as solicitudes;
- a Puntuación total é a suma das puntuacións de todos os solicitantes.

5.8. Resolución da concesión. Á vista das subvencións que figuran na proposta de resolución definitiva e que foran aceptadas polas persoas propostas como beneficiarias, o órgano competente resolverá o procedemento. A competencia para conceder e denegar as subvencións, acordar a desistencia da solicitude ou a renuncia do dereito á subvención, incluído acordar o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas e o interese legal do diñeiro que corresponda, corresponde ao alcalde, que ten delegadas as competencias na Xunta de Goberno Local. O acordo de resolución da convocatoria incluírá a relación de solicitantes aos que se lles concede a subvención xunto coa puntuación concedida. Se algún dos beneficiarios renuncia á subvención, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, conceder a subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes á aquela por orde de puntuación, sempre que coas renuncias existentes se liberara o crédito suficiente.

A notificación da resolución terá lugar no día seguinte ao da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Carral (<https://sede.carral.es/sxc/gl/informacion/>)


e páxina web municipal (<https://carral.es>).

A publicación deste anuncio público no Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello de Carral terá o carácter de notificación colectiva, para os efectos do previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O prazo máximo para a resolución e notificación/publicación da concesión das subvencións é de tres meses, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O período empregado para corrixir deficiencias, subministrar documentos e reformular as solicitudes interromperá o dito período, de conformidade co artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. O vencemento do dito prazo máximo sen notificar/publicar a resolución lexitima aos interesados a entender que a súa solicitude de concesión da subvención foi desestimada por silencio administrativo.

5.9. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

5.10. A contía a conceder será un importe certo, entendéndose que queda de conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente polo importe que exceda do custo total da devandita actividade (RLXS, artigo 32.2).

5.11. No caso de que a suma dos importes concedidos non acade o máximo de 20.000 euros fixado no punto 2.1, dos 2.400 euros para subvencións a actividades de promoción e divulgación medioambientais ou dos 18.000 euros para as subvencións ás actividades de promoción e difusión da actividade física e o deporte, o órgano instructor, unha vez determinadas as puntuacións pola comisión de valoración a cada solicitude, na súa proposta indicará un reparto proporcional do importe restante entre todas as concesións atendendo ás puntuacións de cada solicitude. Para actividades culturais considerarase importe restante o que sume ata 6.000 euros e para festas parroquiais o que sume ata 14.000 euros.

5.12. A concesión de subvención non xera dereito algún á percepción doutras axudas en futuras convocatorias do Concello de Carral.

6. Gastos subvencionables

Poderán ser subvencionadas as actividades e gastos correntes que se realicen entre o 16 de novembro do ano 2025 e o 15 de novembro de 2026, que se detallan no artigo 13.1.

7. Obrigas do beneficiario


As entidades beneficiarias estarán obrigadas ao seguinte:

7.1. Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen ao Concello a súa renuncia no prazo máximo de dez (10) días a partir da notificación do outorgamento, entenderase que a subvención é aceptada.

7.2. Facer constar na totalidade da publicidade que realicen da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Carral:

a) En todo caso, nos carteis, páxinas web ou outros medios que se utilicen, deberá constar expresamente a colaboración do Concello de Carral xunto co anagrama. Asemade as entidades que teñan páxina web deberán facer publicidade na mesma a concesión da subvención e o seu importe no momento que o coñezan.

b) En caso de que non se fixese publicidade impresa nin se utilicen medios informáticos para facer publicidade das actividades, deberá fixarse no local no que se leven a cabo as actividades un anuncio no que conste a concesión da subvención e os conceptos. O xeito de acreditar o cumprimento da obriga, neste caso, será mediante unha certificación do/a Secretario/a da entidade, co



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

visto e praxe do/a presidente/a, na que conste que o anuncio estivo exposto e o período de exposición, acompañada dunha fotografía do anuncio realizado.

c) No caso dos clubs ou entidades deportivas, deberán estampar o escudo do Concello de Carral nas súas vestimentas: estampar o escudo e nome do Concello nos chándales, camiseta e outra equipaxe do club (nas mangas das camisolas ou perneira do pantalón nos deportes colectivos; quedan excluídas as roupas de exhibición ou competición nos deportes individuais); dispoñer dun espazo para un panel publicitario do Concello nos eventos deportivos subvencionados; e facer figurar o escudo e o nome do Concello na publicidade impresa ou dixital. Deberá achegarse documentación gráfica xustificativa.

7.3. Os beneficiarios das subvencións quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.

7.4. Deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagamentos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control nos seguintes catro anos.

7.5. O beneficiario poderá subcontratar total ou parcialmente con terceiros a actividade subvencionada, tendo en conta que no caso de que a Entidade concerte a execución total ou parcial das actividades con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, deberá solicitar previamente autorización expresa ao órgano concedente.

7.6. Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.


7.7. As entidades solicitantes deberán velar e verificar que o persoal vinculado coas actividades subvencionadas estean en posesión das correspondentes titulacións oficial, cualificación ou certificacións profesionais, exixidas pola lexislación correspondente, que lles permita exercer as labores vinculadas coas mencionadas actividades.

7.8. No caso das actividades dirixidas ou nas que participen menores de idade, a entidade solicitante deberá velar e verificar que o persoal que ten contacto cos menores acredite que non foi condenado en sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

7.9. As entidades deportivas beneficiarias das subvencións comprométese a tramitar, nas categorías vinculadas ao deporte escolar, a ficha federativa a todos os e as menores participantes interesados en inscribirse no club, permitindo así mesmo a súa participación nos adestramentos e competicións correspondentes.

8. Xustificación

8.1. O prazo para a presentación da xustificación rematará o 21 de novembro de



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

2026.

8.2. As xustificacións deben presentarse a través da Sede Electrónica.

8.3. Todos os formularios (anexos) que se acheguen deben estar asinados dixitalmente polas persoas responsables.

8.4. O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida. No caso de ter outras subvencións ou ingresos concorrentes coa do Concello para o mesmo obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos para os conceptos subvencionados.

8.5. Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas presentes bases.

8.6. No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias, co Concello de Carral e coa Seguridade Social, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación, e declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

8.7. Documentos que deberán aportarse á conta xustificativa:

a) Anexo 6.A (entidades medioambientais, culturais e organizadoras de festexos) ou Anexo 6.B (entidades deportivas) — modelo de xustificación, memoria de actuación, declaración de cumprimento de fins e declaración de ingresos;

b) Anexo 7 — certificación de gastos e acreditación da publicidade feita;

c) facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.

8.8. Todos os documentos descritos deberán ter data do período indicado no artigo 6 e deberán cumprir os requisitos esixidos pola normativa reguladora do I.V.E., o I.R.P.F. e de expedición de facturas.


8.9. No caso de concorrencia de subvencións públicas xustificadas, poderá achegarse certificación da Administración que as concedeu, en lugar das facturas correspondentes.

8.10. Acreditación gráfica da publicidade da colaboración económica por parte do Concello de Carral.

8.11. Xustificación do pagamento dos gastos subvencionados mediante xustificante bancario, copia do cheque nominativo ou resgardo de pago con tarxeta, segundo o medio empregado; excepcionalmente, pagamento en metálico para gastos de ata 150,00 € (IVE engadido), agás gastos de monitorado.

9. Pagamento anticipado de subvencións

Poderase tramitar, previa solicitude da entidade beneficiaria, o pagamento



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

anticipado do 50% da subvención concedida, sen esixencia de garantía. Para realizar os pagamentos anticipados, os beneficiarios deberán acreditar estar ao día nas súas obrigas tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello. O recoñecemento da obriga de pagamento, anticipado ou non, estará condicionado á xustificación das subvencións outorgadas polo Concello en anos anteriores.

10. Incumprimento das condicións

10.1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos casos previstos na Base 40.2 das Bases de Execución do Orzamento do Concello de Carral.

10.2. Transcorrido o prazo de xustificación sen recibirse xustificación ningunha, requirirase á entidade para que a presente no prazo improrrogable de dez (10) días; a falla de xustificación suporá a renuncia á subvención e a esixencia do reintegro.

10.3. En caso de que non fosen realizadas todas as actividades para as que se concedeu a subvención, efectuarase de oficio unha minoración proporcional á diminución do custe das actividades.

10.4. En caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao 50% do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, agás disolución da entidade ou forza maior.


11. Devolución a iniciativa do perceptor

En caso de que o beneficiario desexe reintegrar o importe percibido sen mediar previo requirimento do Concello, deberá comunicalo por escrito presentado no Rexistro electrónico municipal; o Concello procederá a emitir unha liquidación que lle será notificada ao solicitante coa que poderá proceder ao pagamento.

12. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, o Concello de Carral é o Responsable do Tratamento dos datos persoais que consten no expediente desta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica da convocatoria de subvencións para entidades sen ánimo de lucro para a promoción de actividades culturais, deportivas e medioambientais levadas a cabo no Concello de Carral no exercicio 2026. As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos ante o órgano responsable a través da sede electrónica ou ante o/a Delegado/a de Protección de Datos (dpo@carral.es).

13. Normas específicas



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es/>


13.1. Gastos subvencionables

a) Serán gastos subvencionables os seguintes:

- Material inventariable necesario para a xestión administrativa (equipos informáticos, mobiliario de oficina...) e mobiliario necesario para a execución da actividade habitual da entidade (cadeiras, instrumentos musicais, equipos de son e iluminación, vestiario, vestimenta deportiva...)
- Gastos de persoal para a dirección, coordinación e docencia das actividades.
- Gastos de materiais funxibles necesarios para a realización das actividades.
- Gastos de manutención e aloxamento vinculados axeitadamente ás actividades subvencionadas.
- Material didáctico.
- Aluguer de elementos precisos para a realización das actividades (palcos, carpas, tarimas, amplificación, etc).
- Contratación de artistas.
- Gastos de publicidade.
- Seguros de accidentes das actividades subvencionadas e de responsabilidade civil.
- Gastos de transporte colectivos (autobús, tren, avión...).
- Gastos de asesoría fiscal, laboral, de protección de datos, etc.
- Gastos de mantemento de páxinas web/redes sociais.
- Outros gastos semellantes aplicados directamente á organización ou execución das actividades.
- Gastos de compra de material/equipamento deportivo funxible.
- Gastos de compra de material/equipamento deportivo inventariable.
- Gastos de inscrición e participación nas diferentes federacións.
- Gastos de arbitraje en competicións federadas.
- Gastos sanitarios, de botiquín, ou médicos relacionados directamente coas actividades deportivas subvencionadas.
- Gastos mutualidades deportivas vinculadas ás actividades subvencionadas.
- Gastos federativos para a tramitación das fichas deportivas.
- Gastos de inscrición e matrícula en actividades formativas dirixido ao persoal directivo e persoal técnico da entidade con incidencia directa na labor regular da entidade.

b) Non se considerarán en ningún caso gastos subvencionables:

- Adquisición de materiais inventariables ou equipamentos non incluídos no apartado a).
- Gastos de mantemento ordinario: teléfono, luz, auga, etc.
- Gastos de actividades que teñan carácter discriminatorio de calquera tipo ou non favorezan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

- Material pirotécnico.
- Gastos propios da hostalería, produtos alimenticios (agás mantenza en intercambios) e bebidas alcohólicas.
- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

13.2. Comisión de valoración


Terá a composición seguinte:

- Presidencia: O alcalde.
 - o Suplentes (por esta orde):
 - o Concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestruturas, Medio Ambiente, Mobilidade, Deportes e Xuventude;
 - a Concelleira delegada de Cultura, Turismo e Comercio.
- Vogalías para subvencións de promoción e difusión da cultura:
 - o o técnico de Cultura;
 - o o animador cultural.
 - Suplente: o técnico de Deportes.
- Vogalías para subvencións de fomento de actividades medioambientais:
 - o a técnica de Medio Ambiente;
 - o a técnica de Educación.
 - Suplente: o animador cultural.
- Vogalías para subvencións de promoción e fomento da actividade física e deportiva:
 - o o técnico de Deportes;
 - o o técnico de Cultura.
 - Suplente: o animador cultural.
- Secretaría: unha persoa auxiliar administrativa do Concello de Carral.

O quórum necesario para a válida constitución da Comisión será de tres membros, sempre que entre eles se conten o presidente e a secretaria.

13.3. Contía das subvencións

a) Límite xeral: o importe total destinado ás entidades culturais é de 6.000 euros e de 14.000 euros para entidades organizadoras de festexos susceptibles de seren subvencionadas. O importe total destinado ás entidades medioambientais é de 2.400 euros. O importe total destinado ás entidades e clubs deportivos é de 18.000 euros.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

b) Con carácter xeral, a contía das subvencións que se concedan non excederá do importe de 1.000 euros por cada entidade beneficiaria que realice actividades culturais, 1.200 euros por cada entidade beneficiaria que realice actividades de promoción e concienciación medioambiental, 7.000 euros por cada entidade organizadora de festas parroquiais, e 9.000 euros por cada entidade beneficiaria que leve a cabo actividades de promoción e fomento da actividade física e o deporte.

13.4. Criterios de valoración para entidades culturais e veciñais

Valoraranse as solicitudes de acordo cos seguintes criterios, **ata un máximo de 100 puntos**:


I. Organización e desenvolvemento de actividades (ata 40 puntos)

Criterio	Tramos / forma de cálculo
a) Organización e realización de actividades. Ata 25 puntos en función do número de actividades	- Actividades de carácter permanente (ao longo do curso)= 2 puntos/actividade, máximo 10 puntos. - Actividades de carácter non permanente (periódicas ou puntuais)= 1 punto/actividade, máximo 10 puntos. - Actividades abertas ao público en xeral (festa de Reis Magos, Entroido, etc.)= 0,5 puntos/actividade, máximo 3 puntos. - Actividades con número limitado de participantes (excursións, obradoiros puntuais, etc.)= 0,2 puntos/actividade, máximo 2 puntos.
b) Grupos artísticos dependentes da entidade (no seu caso). Ata 10 puntos en función do número de persoas.	- Ata 25 persoas sumando as diferentes formacións = 3 ptos. - Entre 26-50 persoas = 6 ptos. - Máis de 50 persoas = 10 ptos.
c) Actividades culturais tradicionais galegas. Ata 5 puntos en función do número de persoas participantes.	- Ata 10 persoas = 1 pto. - Entre 11-25 persoas = 3 ptos. - Máis de 25 persoas = 5 ptos.

As puntuacións obtidas en calquera dos apartados a), b) e c) serán acumulables entre si.

II. Coordinación e complementariedade cos programas municipais (ata 20 puntos)

III. Traxectoria e base social (ata 20 puntos)



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

Criterio	Tramos / forma de cálculo
a) Traxectoria da entidade. Ata 8 puntos	- Ata 5 anos completos de actividade continuada = 1 punto. - Entre 6-10 anos de actividade continuada = 3 puntos. - Entre 11-15 anos de actividade continuada = 5 puntos. - Máis de 15 anos completos de actividade continuada = 8 puntos.
b) Base social. Número de persoas asociadas á entidade. Ata 12 puntos.	- Menos de 35 persoas asociadas = 1 punto. - Entre 35-50 persoas asociadas = 2 puntos. - Entre 51-100 persoas asociadas = 5 puntos. - Entre 101-200 persoas asociadas = 8 puntos. - Máis de 200 persoas asociadas = 12 puntos.

IV. Utilización do galego (ata 15 puntos)

Criterio	Tramos / forma de cálculo
Utilización do galego, ata 15 puntos.	Valorarase o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación. Deberá acreditarse debidamente, e poderá graduarse a puntuación que se outorgue en función do nivel de uso que se acredite.

V. Páxina web e redes sociais (ata 5 puntos)


Criterio	Tramos / forma de cálculo
a) Páxina web propia ata 2 puntos	- Contidos actualizados = 2 pts. - Contidos non actualizados = 1 pto.
b) Perfís en redes sociais ata 3 puntos	1 punto por cada perfil actualizado

Indicarase o enlace á web e aos perfís. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

Consideraranse que os contidos da páxina web están actualizados se contén algúns cunha antigüidade menor a 6 meses contados desde a presentación da solicitude de subvención. Consideraranse que os contidos das redes sociais están actualizados se conta con publicacións cunha antigüidade que non supere os 3 meses contados desde a presentación da solicitude de subvención.

13.5. Criterios de valoración para festas patronais

Valoraranse as solicitudes de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos:



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>


Criterio	Tramos / forma de cálculo
a) Parroquia na que se leva a cabo a festa (clasificación segundo o número de habitantes). Ata 50 puntos	- Sergude = 10 ptos. - Quembre e Sumio = 20 ptos. - Beira, Cañas e San Vicente de Vigo = 30 ptos. - Tabeaio = 40 ptos. - Paleo = 50 ptos.
b) Número de días de celebración das festas. Ata 20 puntos.	- 1 día = 10 ptos. - 2 días = 12 ptos. - 3 días = 15 ptos. - 4 ou máis días = 20 ptos.
c) Utilización do galego. Ata 10 puntos	- En carteis anunciadores = 3 ptos. - En folletos e revistas = 2 ptos. - No pregón = 3 ptos. - En vídeos de promoción difundidos nas redes sociais = 2 ptos.
d) Programación musical. Ata 10 puntos.	- Orquestra = 3 puntos por cada orquestra. - Charanga = 0,5 puntos por cada charanga. - Grupo de gaiteiros, folclórico ou coral = 1 punto por cada grupo. - Outros grupos musicais (dúos, pequenos grupos, disc-jockey...) = 0,5 puntos por cada grupo.
e) Outras actividades culturais ou de lecer nas festas. Ata 10 puntos.	- Actividades para a infancia = 2 ptos. - Actividades para a terceira idade = 2 ptos. - Xogos tradicionais para todas as idades = 2 ptos. - Espectáculos de animación de rúa = 2 ptos. - Outras actividades = 2 ptos.

13.6. Criterios de valoración para entidades de promoción e concienciación medioambiental

Valoraranse as solicitudes de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos:

I. Organización e desenvolvemento de actividades (ata 30 puntos)

Criterio	Tramos / forma de cálculo
a) Organización e realización de actividades. Ata 30 puntos en función do número de actividades.	- Actividades de carácter permanente (ao longo do ano) = 1 punto por actividade, máximo 10 puntos. - Actividades de carácter non permanente (periódicas ou puntuais) = 1 punto por actividade, máximo 5 puntos. - Actividades abertas ao público en xeral = 0,5 puntos/actividade. - Actividades con número limitado de participantes (excursións, obradoiros puntuais, etc.) = 0,2 puntos por actividade.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

II. Coordinación e complementariedade con actividades municipais medioambientais e cos obxectivos da Reserva da Biosfera (ata 30 puntos, 10 puntos por cada actividade)

III. Traxectoria e base social da entidade solicitante dentro do seu campo de actividade (ata 20 puntos)

Criterio	Tramos / forma de cálculo
a) Traxectoria da entidade. Ata 8 puntos.	- Ata 5 anos completos de actividade continuada = 1 punto. - Entre 6-10 anos de actividade continuada = 3 puntos. - Entre 11-15 anos de actividade continuada = 5 puntos. - Máis de 15 anos completos de actividade continuada = 8 puntos.
b) Base social, número de persoas asociadas á entidade, ata 12 puntos.	- Menos de 35 persoas asociadas = 1 punto. - Entre 35-50 persoas asociadas = 2 puntos. - Entre 51-100 persoas asociadas = 5 puntos. - Entre 101-200 persoas asociadas = 8 puntos. - Máis de 200 persoas asociadas = 12 puntos.

IV. Utilización do galego (ata 15 puntos)


Criterio	Tramos / forma de cálculo
Utilización do galego. Ata 15 puntos.	Valorarase o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación. Deberá acreditarse debidamente, e poderá graduarse a puntuación que se outorgue en función do nivel de uso que se acredite.

V. Páxina web e redes sociais (ata 5 puntos)

Criterio	Tramos / forma de cálculo
a) Páxina web propia. Ata 2 puntos	- Contidos actualizados = 2 pts. - Contidos non actualizados = 1 pto.
b) Perfís en redes sociais. Ata 3 puntos	1 punto por cada perfil actualizado

Indicarase o enlace á web e aos perfís. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.


Consideraranse que os contidos da páxina web están actualizados se contén algúns cunha antigüidade menor a 6 meses contados desde a presentación da solicitude de subvención. Consideraranse que os contidos das redes sociais están actualizados se conta con publicacións cunha antigüidade que non supere os 3



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

meses contados desde a presentación da solicitude de subvención.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

13.7. Criterios de valoración para clubs e entidades deportivas

Valoraranse as solicitudes de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de 150 puntos:


I. Organización, participación e desenvolvemento de actividade deportiva (ata 45 puntos)

Criterio	Tramos / forma de cálculo
Actividades deportivas de carácter permanente/tempadas ao longo do ano. Ata un máximo de 15 puntos.	Actividades de carácter permanente ao longo da tempada (ligas, competicións federadas continuas). = 1 pto. por programa/categoría.
Escolas deportivas (deporte de base) en competición oficial continuada. Ata un máximo de 15 puntos. (Acreditación mediante certificado federativo do nº de equipos/categorías inscritos en competición oficial)	- 1 equipo/grupo = 1 punto; - 2 equipos/grupos = 2 pto; - 3 equipos/grupos = 3 pto; - 4 equipos/grupos = 4 pto; - 5 equipos/grupos = 5 pto; - Entre 6 e 7 equipos/grupos = 7 pto; - Entre 8 e 10 equipos/grupos = 10 pto; - Máis de 10 equipos/grupos = 15 pto.
Equipo ou sección feminina en competición oficial. Ata un máximo de 5 puntos. (Acreditación mediante certificado federativo da inscrición efectiva de equipo(s) feminino(s) en competición federada)	- 1 equipo/grupo = 3 pto; - 2 ou máis equipos/grupos = 5 pto.
Actividades puntuais de carácter non permanentes. Ata un máximo de 3 puntos.	Actividades periódicas ou puntuais (torneos, exhibicións, etc.) = 0,5 puntos por actividade.
Actividades puntuais de carácter formativo. Ata un máximo de 2 puntos.	Campamentos, cursos puntuais, obradoiros, , etc. = 0,3 puntos por actividade.
Diversidade de disciplinas deportivas Ata un máximo de 5 puntos.	- 1 disciplina = 0 pto. - 2 disciplinas = 3 pto. - 3 ou máis disciplinas = 5 pto

II. Licenzas federativas (ata 45 puntos)

Tódolos apartados deste bloque deberán acreditarse mediante certificado federativo expreso e actualizado; non se admitirá a mera declaración da entidade solicitante.

Criterio	Tramos / forma de cálculo
a) Número total de licenzas	- Ata 15 licenzas = 0 pto.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>


Criterio	Tramos / forma de cálculo
federativas correspondentes ás <u>persoas inscritas en competición federada</u> . Ata un máximo de 20 puntos.	- Entre 16 -20 licenzas. = 1 pto. - Entre 21-30 licenzas = 3 pto; - Entre 31-40 licenzas = 5 pto; - Entre 41-50 licenzas = 7 pto; - Entre 51 - 60 licenzas = 8 pto; - Entre 61 - 70 licenzas = 9 pto; - Entre 71 - 80 licenzas = 10 pto; - Entre 81-100 licenzas = 13 pto; - Entre 101 - 150 licenzas = 15 pto; - Entre 151 - 200 licenzas = 16 pto; - Máis de 200 licenzas = 20 pto.
b) Licenzas de DEPORTE DE BASE (ata 16 anos). Ata un máximo de 15 puntos.	- Ata 15 licenzas = 0 pto. - Entre 16 -25 licenzas. = 1 pto; - Entre 26-35 licenzas = 3 pto; - Entre 36-45 licenzas = 4 pto; - Entre 46-55 licenzas = 5 pto; - Entre 56 - 65 licenzas = 7 pto; - Entre 66 - 75 licenzas = 9 pto; - Entre 76 - 85 licenzas = 11 pto; - Entre 86 - 100 licenzas = 13 pto; - máis de 100 licenzas = 15 pto.
c) Licenzas federativas femininas Ata un máximo de 10 puntos.	- Ata 5 licenzas = 0 pto; - Entre 6 - 10 licenzas. = 1 pto; - Entre 11-15 licenzas = 3 pto; - Entre 16 - 20 licenzas = 6 pto; - Entre 21- 30 licenzas = 8 pto; - Máis de 30 licenzas = 10 pto.

III. Coordinación e complementariedade coa programación municipal (ata 5 puntos)

Puntuaranse exclusivamente as actividades organizadas de forma directa e conxunta co Concello de Carral, debidamente acreditadas mediante acta, programa conxunto ou comunicación oficial municipal. Non se puntuará a mera complementariedade xenérica da oferta deportiva. **1 punto por actividade coordinada, máximo 5 puntos.**

IV. Traxectoria e base social da entidade e na colaboración co Concello (ata 35 puntos)

Criterio	Tramos / forma de cálculo
a) Traxectoria da entidade continuada. Ata un máximo de 15 puntos.	- Menos de 10 anos = 0 pto; - Entre 10-20 anos = 3 pto; - Entre 21-30 = 7 pto; - Entre 31-50 = 10 pto;



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

Criterio	Tramos / forma de cálculo
	- máis de 50 anos = 15 pts.
b) Base social Ata un máximo de 20 puntos. (Acreditación mediante acta da asemblea xeral, libro de socios actualizado ou outro documento acreditativo; non se admite a mera declaración.)	- Menos de 35 persoas socias = 0 pts; - Entre 36-49 persoas socias = 1 pto; - Entre 50-99 persoas socias = 5 pts; - Entre 100-149 persoas socias = 10 pts; - Entre 150-249 persoas socias = 16 pts; - 250 ou máis persoas socias = 20 pts.

V. Utilización do galego (ata 10 puntos)

Criterio	Tramos / forma de cálculo
a) Comunicación cos socios e usuarios Ata un máximo de 5 puntos.	Acreditación mediante circulares, actas ou comunicacións efectivas en galego. = 1 punto/comunicado.
b) Redes sociais, web e medios de comunicación (será preciso achegar os links) Ata un máximo de 5 puntos.	Acreditación mediante publicacións efectivas en galego. =1 punto por rede social/web.

VI. Redes sociais e visibilización da colaboración municipal (ata 5 puntos)


Criterio	Tramos / forma de cálculo
a) Páxina web propia, ata 2 puntos	- Contidos actualizados = 2 pts. - Contidos non actualizados = 1 pto.
b) Perfís en redes sociais, ata 3 puntos	1 punto por cada perfil actualizado

Indicarase o enlace á web e aos perfís. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

Consideraranse que os contidos da páxina web están actualizados se contén algúns cunha antigüidade menor a 6 meses contados desde a presentación da solicitude de subvención. Consideraranse que os contidos das redes sociais están actualizados se conta con publicacións cunha antigüidade que non supere os 3 meses contados desde a presentación da solicitude de subvención.

VII. Criterios complementarios (ata 5 puntos)

Criterio	Tramos / forma de cálculo
Acreditación suficiente de persoal técnico titulado cualificado no traballo das categorías inferiores. Ata un máximo de 5 puntos.	- Ningunha persoa acreditada = 0 pts; - Entre 1-3 persoas acreditadas = 1 pto; - Entre 4-6 persoas acreditadas = 2 pts; - Entre 7-10 persoas acreditadas = 4 pts; - 11 ou máis persoas acreditadas = 5 pts.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

Puntuación mínima de acceso

Co obxecto de garantir unha utilización eficiente dos recursos públicos e asegurar que o crédito orzamentario destinado a esta convocatoria se dirixa a proxectos deportivos de maior interese público, establécese unha puntuación mínima de acceso á condición de entidade beneficiaria.

En consecuencia, non se concederá subvención ás solicitudes de clubs e entidades deportivas que, unha vez aplicados os criterios de valoración establecidos no punto 13.7 destas bases, non acaden unha puntuación mínima de **20 puntos sobre un total de 150 puntos posibles**.

O establecemento desta puntuación mínima responde á necesidade de priorizar aquelas actuacións que, pola súa calidade técnica, impacto deportivo, capacidade organizativa, incidencia social, número de persoas beneficiarias ou contribución á promoción da práctica deportiva, acrediten un maior interese xeral e unha maior repercusión para a cidadanía.


Deste xeito, preténdese concentrar os recursos públicos dispoñibles en proxectos que permitan maximizar o retorno social do investimento realizado, favorecendo actuacións que alcancen unha porcentaxe máis elevada da poboación, fomenten a participación deportiva, contribúan á cohesión social e territorial e xeren un efecto multiplicador no desenvolvemento da actividade deportiva.

As solicitudes que non acaden a puntuación mínima establecida entenderanse insuficientemente valoradas para os efectos desta convocatoria e quedarán excluídas do reparto do crédito orzamentario destinado ás entidades deportivas, con independencia de que cumpran o resto dos requisitos formais e de admisibilidade previstos nestas bases.

Esta circunstancia deberá constar expresamente no informe técnico de valoración e na proposta de resolución, coa indicación da puntuación obtida e da aplicación do limiar mínimo establecido neste artigo.

14. Normativa reguladora

A competencia municipal para esta convocatoria fundaméntase no artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que recoñece como competencia propia dos concellos a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, e no artigo 72 da mesma lei, que ampara o fomento municipal do asociacionismo mediante axudas económicas. No ámbito galego, o artigo 80.2.n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, atribúe igualmente aos concellos competencias en materia de actividades e instalacións deportivas. Sobre esta base competencial, e para a sección deportiva en particular, resulta de aplicación substantiva a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, cuxos artigos 3, 8, 13, 27-28 e 45-50 fundamentan os criterios de valoración do artigo 13.7, segundo se detalla no



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

informe técnico xustificativo que acompaña a este expediente.

A presente convocatoria rexerese, ademais de polas normas expresadas na mesma, polo Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Carral para os exercicios 2023-2026; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que constitúen lexislación básica do Estado; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. Para a sección deportiva, resulta ademais de aplicación a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e a Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte, consonte ao desenvolvido no informe de xustificación que acompaña a este expediente.

15. Información sobre a convocatoria

Para atender consultas sobre a presente convocatoria, as entidades culturais e comisións de festas interesadas poden dirixirse ao departamento municipal de Cultura a través do teléfono 981 672 580, no correo electrónico cultura@carral.es ou de xeito presencial, previa cita, na Casa da Cultura de Carral en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 h. As entidades medioambientais poden dirixirse ao departamento municipal de Medio Ambiente a través do teléfono 881 913 533 ou de xeito presencial, previa cita, na Casa do Concello de Carral en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 h. As entidades deportivas interesadas poden dirixirse ao departamento municipal de Deportes a través do teléfono 981 672 580, no correo electrónico deportes@carral.es ou de xeito presencial, previa cita, na Casa da Cultura de Carral en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 h.

Relación de Anexos

ANEXO 1: Solicitude.

ANEXO 2: Declaración doutras axudas ou ingresos.

ANEXO 3: Certificación de representación e nº de socios.


ANEXO 3.B: datos e documentación acreditativa para a valoración de clubs e entidades deportivas.

ANEXO 4: Declaración e compromisos da Presidencia da entidade.

ANEXO 5: Memoria explicativa das actividades levadas a cabo no ano anterior.

ANEXO 6.A: Modelo de xustificación para entidades medioambientais, culturais e organizadoras de festexos.

ANEXO 6.B: Modelo de xustificación para entidades deportivas.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

ANEXO 7: Certificación de gastos e acreditación da publicidade feita.

**ANEXOS A DISPOSICIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE CARRAL*